



PREGO DE CONDICIONS

CLAUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello dos bens inmobles, de propiedade municipal situados no POLIGONO INDUSTRIAL E COMERCIAL DE PORTOMARIN, deste Municipio.

A. Descrición de inmovible: PARCELA Nº13,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712401PH1421S0001KR
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 4.292 m²
Superficie total construída 196 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- Concello de Portomarín.
Sureste.- M.V.M.C. Portomarín.
Noroeste.- Concello de Portomarín.
Suroeste.- Rúa Principal do Polígono (CP49.04).

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 716, Libro 030, Folio 008, finca 9.453.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 85.313,68 euros.

B. Descrición de inmovible: PARCELA Nº14,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712402PH1421S0000EE
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 646 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- Concello de Portomarín.
Sureste.- Concello de Portomarín.
Noroeste.- Concello de Portomarín.
Suroeste.- Rúa Principal do Polígono (CP49.04).

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 716, Libro 030, Folio 008, finca 9.453.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 11.653,84 euros.

C. Descrición de inmovible: PARCELA Nº15,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712403PH1421S0000SE
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 510 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- Concello de Portomarín.
Sureste.- Concello de Portomarín.
Noroeste.- Concello de Portomarín.
Suroeste.- Rúa Principal do Polígono (CP49.04).

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 716, Libro 030, Folio 008, finca 9.453.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 9.200,40 euros.



R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

D. Descrición de inmovible: PARCELA Nº16,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712404PH1421S0000ZE
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 510 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- Concello de Portomarín.
Sureste.- Concello de Portomarín.
Noroeste.- Prosupor, S.L..
Suroeste.- Rúa Principal do Polígono (CP49.04).

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 716, Libro 030, Folio 008, finca 9.453.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 9.200,40 euros.

E. Descrición de inmovible: PARCELA Nº23,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712407PH1421S0000WE
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 1.692 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- Prosupor, S.L..
Sureste.- Concello de Portomarín e Supenedo S.L.
Noroeste.- Rúa municipal vial núm 3.
Suroeste.- Rúa Principal do Polígono (CP49.04).

- d) Título de adquisición: REVERSION
- e) Cargas ou gravames: NON EXISTEN

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 718, Libro 030, Folio 180, finca 9.468.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 30.523,68 euros.

F. Descrición de inmovible: PARCELA Nº30,

- a) Situación xeográfica: Referencia catastral 2712411PH1421S0000AE
- b) Superficies: Superficie total da parcela= 800 m²
- c) Lindeiros: Noreste.- D Segundo Gay Vila.
Sureste.- Concello de Portomarín.
Noroeste.- Rúa municipal vial núm 3.
Suroeste.- D Victorino Folgueira Díaz.

- d) Título de adquisición: DONACION
- e) Cargas ou gravames: NON EXISTEN

Que o devandito ben está inscrito no Rexistro da Propiedade de Chantada no Tomo 716, Libro 030, Folio 008, finca 9.453.

O orzamento de valoración do inmovible aportado polo técnico municipal ascende a 14.432,00 euros.

R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA



O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 4.l.p) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLAUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do alleamento será a poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adxudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

CLAUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante da páxina web oficial do Concello www.concellodeportomarin.es, Boletín Oficial da Provincia e os diarios El progreso e La Voz de Galicia.

CLÁUSULA CUARTA. Tipo de Licitación

O tipo de licitación á alza é o de:

- A. PARCELA Nº13: 85.313,68 euros.
- B. PARCELA Nº14: 11.653,84 euros.
- C. PARCELA Nº15: 9.200,40 euros.
- D. PARCELA Nº16: 9.200,40 euros.
- E. PARCELA Nº23: 30.523,68 euros.
- F. PARCELA Nº30: 14.432,00 euros.

O prezo resultante abonarase no prazo dos 10 días naturais seguintes mediante ingreso na conta do Concello, núm de conta ES23 2080 0172 0431 1000 0011.

CLÁUSULA QUINTA. Capacidad

Poderán presentar ofertas, por si mesmas ou por medio de representantes, as persoas naturais e xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para iso e que non se atopen incluídos nos supostos de prohibición recollidos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLAUSULA SEXTA. Organo de Contratación

Á vista do importe do contrato que o total ascende a 160.324,00 euros, o órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, será a Xunta de Goberno Local xa que o valor de alleamento non supera o 20 por cento dos recursos ordinarios do orzamento. Non sendo preciso autorización previa da Comunidade Autónoma a non acadar o 25 % dos recursos ordinarios.

CLAUSULA SETIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar



R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

Poderán presentar ofertas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións para contratar.

1. A **capacidade de obrar** do empresario acreditarase:

a) En canto a **persoas físicas**, mediante a fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.

b) En canto a **persoas xurídicas**, mediante a fotocopia compulsada do CIF e a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

CLAUSULA OITAVA. Presentación de Ofertas e Documentación Administrativa

As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza Condes de Fenosa s/n, en horario de atención ao público, dentro do prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios do Concello, no Perfil de Contratante da páxina web do concello e nos diarios el Progreso e La voz de Galicia.

As ofertas poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Cando as ofertas sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e no me do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida polo encargado do rexistro de entrada. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha oferta por parcela nin poderá simultanear oferta en sobre pechado e presencial, pero si poderá presentar oferta por todas as parcelas que desexe. A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda "**Oferta para licitar o alleamento da parcela núm. e referencia catastral propiedade do Concello de Portomarin e cualificado como ben patrimonial, situado no Polígono Industrial e Comercia de Portomarin, deste Municipio**". A denominación de dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación Administrativa.**

R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

- Sobre «B»: Oferta Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

1) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

2) Documentos que acrediten a representación.

- Os que comparezan ou asinen ofertas en nome doutro, acreditarán a representación co correspondente poder notarial.

- Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

- Igualmente a persoa con poder verificado de suficiencia a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

3) Documentos que xustifiquen o cumprimento dos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

- Declaración responsable de non ter solicitado ou estar en concurso, nin insolvente en calquer procedemento, nin estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, e de non incurrir en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable. Adxúntase modelo no anexo I.

- O Concello fixa unha garantía provisional do 5 % da valoración do inmovible, cantidade que deberá ser ingresada no seguinte núm de conta ES23 2080 0172 0431 1000 0011.

- A. PARCELA Nº13: 4.265,68 euros.
- B. PARCELA Nº14: 582,69 euros.
- C. PARCELA Nº15: 460,02 euros.
- D. PARCELA Nº16: 460,02 euros.
- E. PARCELA Nº23: 1.526,18 euros.
- F. PARCELA Nº30: 721,60 euros.

- Deberase incluír dentro do sobre A ó xustificante bancario do ingreso efectuado.

SOBRE «B» OFERTA ECONÓMICA

- Oferta económica.

Presentáranse segundo modelo adxunto no anexo II.



R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA POXA DE FORMA PRESENCIAL.

O interesado que desexe participar de forma presencial na poxa, deberá presentar no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava (Unicamente Sobre «A»: Documentación Administrativa), na que asimismo, indicará que opta por a **poxa de forma presencial**.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA POXA CON PROPOSICIÓN ECONOMICA EN SOBRE PECHADO.

O interesado que desexe participar na poxa con proposición en sobre pechado, presentarán no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava. (Sobre «A»: Documentación Administrativa e Sobre «B»: Oferta Económica).

Non poderán participar na poxa os que non acreditasen o cumprimento dos requisitos anteriores.

CLAUSULA NOVENA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, estará presidida polo presidente, que poderá ser un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Formarán parte dela, **polo menos 3 vogais**.

Conforman a Mesa de Contratación os seguintes membros:

- D. Juan Carlos Serrano López, que actuará como Presidente da Mesa.
- D. José Luis Vázquez Méndez, Vogal (Secretario-Interventor da Corporación).
- D^a. Silvia Rodríguez Díaz, Vogal.
- Un funcionario/a licenciado/a en Dereito da Deputación Provincial, Vogal.
- D^a Alicia de la Iglesia López, que actuará como Secretario da Mesa.

CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de Ofertas e Desenvolvemento da poxa

A Mesa de Contratación constituirase o seguinte día hábil as 10 horas (en caso de coincidir a sábado esta trasládase o luns seguinte) ao de finalización do prazo de recepción das ofertas (10 días dende a finalización do proceso de presentación de ofertas) en acto público, publicarase o día, hora e lugar no taboleiro de anuncios do Concello e no Perfil de Contratante da páxina web do concello.

Seguidamente, o Secretario da Mesa procederá a abrir tódolos sobres das proposicións (sobres A) que se recibisen, e a Mesa examinará e avaliará a documentación administrativa esixida para participar na poxa.

Rematada a cualificación, o Presidente da Mesa advertirá os licitadores presentes na Sala da existencia ou non de poxas en sobre pechado e dos licitadores que optaron por a poxa de forma presencial.

Inmediatamente despois abrírase o prazo para a formulación das poxas dos licitadores que opten pola modalidade presencial, indicándose a admisión de posturas que vaian mellorando o tipo de saída, ata o seu remate a favor do licitador que efectúe a máis alta. O incremento mínimo de cada postura respecto da anterior será alomenos de 1.000,00 €.

R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA



Finalizadas as poxas, procederase, se é o caso, á apertura dos sobres que conteñan as ofertas económicas. Se algunha das formuladas por esta vía superase a máis alta ofrecida a man alzada, abrírase nova poxa entre os presentes, declarándose mellor rematante ao licitador que ofertara a postura máis elevada. Se se producise un empate entre as mellores ofertas presentadas exclusivamente en sobre pechado, a adxudicación recaerá sobre o que primeiro tivese presentado a súa oferta, para o cal se atenderá á data de entrada no Rexistro oficial.

Non se pode facer o remate en calidade de ceder a terceiros.

Debido a que se tratan de varias parcelas as poxas realizaranse segundo o horario orientativo, o cal pode sufrir pequenas variacións, que se sinala a continuación:

- A. PARCELA Nº13: 11:00 h.
- B. PARCELA Nº14: 11:30 h.
- C. PARCELA Nº15: 12:00 h.
- D. PARCELA Nº16: 12:30 h.
- E. PARCELA Nº23: 13:00 h.
- F. PARCELA Nº30: 13,30 h.

CLAUSULA UNDECIMA. Requirimento de Documentación

Á vista da valoración das ofertas, a Mesa de Contratación propondrá ao licitador que presentase a mellor oferta.

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a mellor oferta para que, dentro do prazo de dez días, a contar desde o seguinte ao da recepción do requirimento, presente documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Pago

O pago realizarase previa ou simultaneamente á sinatura do contrato, mediante transferencia bancaria á seguinte conta ES23 2080 0172 0431 1000 0011 ou ben mediante cheque bancario.

CLAUSULA DECIMO TERCEIRA. Adxudicación do Contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos TRES días seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e no perfil do contratante da páxina web do Concello.

CLAUSULA DECIMO QUINTA. Formalización do Contrato e Gastos

Deberase producir a formalización do contrato en escritura pública.

Tódolos gastos derivados da presente contratación serán con cargo ao adxudicatario.



R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

CLAUSULA DECIMO SEXTA. Réxime Xurídico do Contrato

Este contrato ten carácter privado, a súa preparación e adxudicación rexeráse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os principios extraídos da lexislación contida no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e as súas disposicións de desenvolvemento, para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polas Normas de Dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento das cuestións que se susciten en relación coa preparación e adxudicación deste contrato.

A orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato.

En Portomarín , a 08 de Outubro de 2.015.

O Alcalde,

Asdo.: Juan Carlos Serrano López



DILIXENCIA:

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o alleamento por este concello dos bens inmoables, de propiedade municipal situados no polígono industrial e comercial de Portomarín e que consta de 10 follas (incluída a presente) foi aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de outubro de dous mil quince.

Portomarín, a 22 de outubro de 2.015.



O Secretario,

R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA



ANEXO I. Declaración responsable

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO NA PROHIBICIÓN DO ARTIGO 95.2 DO DECRETO 1373/2009, DE 28 DE AGOSTO, E DE NON INCURRIR EN SITUACIÓN ALGUNHA DE INCOMPATIBILIDADE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n. _____, con DNI n. _____, actuando en nome propio ou en representación da Entidade _____ con CIF n. _____, e domicilio social en _____, r/ _____, n. _____.

Declaro que coñezo as condicións que rexen a poxa pública con poxas á alza e con posibilidade de presentar ofertas económicas en sobre pechado, que convocada por o Concello de Portomarin.

Así mesmo, declaro baixo a miña responsabilidade que non solicitei ou estou declarado en concurso, nin fun declarado insolvente en calquera procedemento, nin estou suxeito a intervención xudicial, nin fun inhabilitado, conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal.

Tampouco me encontro incurso en ningunha situación de incompatibilidade segundo a normativa específica aplicable.

Así mesmo manifestó que concurro ao citada proceso na modalidade de:

- PRESENCIAL
 SOBRE PECHADO

E achego a documentación que se di na clausula oitava.

En Portomarin , a _____ de _____ de 2015

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.

R/ ALLEAMENTO ONEROSO DE BENS PATRIMONIAIS POR POXA A ALZA

ANEXO II. SOBRE «B». Oferta económica.

PRESENTACION DE OFERTA ECONOMICA EN SOBRE PECHADO.
SOBRE "B".

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n. _____, con DNI n. _____, actuando en nome propio ou en representación da Entidade _____ con CIF n. _____, e domicilio social en _____, r/ _____, n. _____.

Decatado do expediente para o alleamento da parcela núm. e referencia catastral **propiedade do Concello de Portomarin e cualificado como ben patrimonial, situado no Poligono Industrial e Comercia de Portomarin, deste Municipio**, mediante poxa, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n. __, de data __, e no Perfil de Contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros

En Portomarin , a __ de ____ de 2015

Sinatura do licitador,

Asdo.: _____.